

Reclamacións e suxestións no período de exposición pública do Suplemento de Crédito 02/2017



Antom Fente Parada con enderezo a efectos de notificación en cupchantada@gmail.com, voceiro do grupo municipal Por Chantada-CUP e membro do órgano colexiado que aprobou o Suplemento de Crédito 2/2017, tendo votado en contra do mesmo na sesión plenaria ordinaria do día 11/09/2017

EXPOÑO:

PRIMEIRO

No BOP nº 219, da sexta-feira 22 de setembro de 2017, publicouse o acordo do pleno do Concello de Chantada adoptado na sesión ordinaria do día 11/09/2017 onde se acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 21/2017 baixo a modalidade de suplemento de crédito 02/2017 con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 172.818,96 €. O acordo impulsouse cos votos favorábeis de Inta (5), a abstención do PP (2) e os votos contrarios do grupo socialista (3) e de Por Chantada-CUP (con idéntico resultado previo no tocante á votación para dirimir a votación nominal solicitada polo grupo municipal Por Chantada-CUP ao abeiro do artigo 102.2 do ROF.

No acordo indícase que, ao día seguinte ao da inserción do edito no BOP, o expediente exponse ao público polo prazo de quince días, de acordo co artigo 169 do *Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais*, na Secretaría do Concello, a fin de que durante o mesmo se presenten as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

En consecuencia a presente encóntrase dentro do período legalmente establecido e deberá ser resolta polo órgano competente.

SEGUNDO

En sesión extraordinaria urxente do mes de agosto o Pleno do Concello de Chantada acórdase, ao aprobar unha emenda do grupo Inta contradicindo o criterio mantido por este grupo na Comisión Informativa celebrada na semana anterior, a *Resolución de reclamacións e aprobación definitiva do orzamento de 2017* (Exp. G-51/2017). No mesmo, aprobouse incluír 10.000€ para facer fronte a unha sentenza xudicial cando o proxecto orzamentaba por volta de 200.000€ e cando as informacións das que dispón Goberno sitúan o custe real da execución da sentenza no millón de euros.

De por parte, en sesión do Pleno extraordinario de 17 de xuño de 2017 o punto 7º consistiu na aprobación inicial do Orzamento para 2017 e a *Conta Xeral 2016* contemplou un remanente de tesouraría de 1.900.000. No entanto, ao longo de 2017 aprobáronse varios REC (1 a 7 2017) e SC con cargo ao remanente para abono de facturas e débeda totalizando 672.818,96€ (SC 2/2017 por importe de 172.818'96€ e SC 1/2017 por importe de 500.000€).

Por tanto, a súa aprobación non semella o máis recomendábel para facer fronte a unha sentenza firme que vén reiterando a obriga do Concello nos últimos dez anos e que agora xa sitúa a cuestión nas portas da execución forzosa.

TERCEIRO

A existencia de contratacións abusando do contrato menor e/ou sen suficiente consignación orzamentar levaron á intervención, nas súas fiscalizacións aos REC, a defender que:

«Na medida en que se superaron para as contratacións a que se refiren as facturas recollidas neste punto as limitacións expostas, tanto no importe global desde o inicio, como de posíbel duración, que en todo caso supera a anualidade permitida polo artigo 138.3 TRLCSP, non pode empregarse o sistema do contrato menor. Portanto, haberá que concluír que o expediente de contratación non se axusta aos trámites esixidos na lexislación sobre a materia vulnerándose os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, debendo o concello instrumentar o oportuno procedemento administrativo de contratación e licitar os mesmos no seu caso.

A estes efectos, atoparémonos portanto nos supostos do artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que configura como nulos de pleno dereito os actos ditados “prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados».

Suficientemente elocuente e, de por si, suficiente para proceder á anulación destes SC, ao que cómpre engadir o informe de 09/11/2016 do Consello Consultivo da Galiza de 2016 en que ratificaba a anulación de facturas contraídas prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados. Entre outros trechos salientábeis do informe do Consello Consultivo cómpre pór en destaque que «do informe emitido polo interventor resulta que os contratos foron adxudicados con clara contravención do disposto na lexislación mencionada en canto á consignación e carencia de crédito, polo que se debe concluír que concorre a causa de

nulidade establecida no artigo 32 c) do TRLCSP». E no parágrafo seguinte (páx. 8) especifica que o informe da Secretaría do Concello salienta que se «executaron traballos que configuran o contrato sen que se verificase o cumprimento dos requisitos formais que esixe a normativa contractual, polo que recoñece que se omitiu dunha forma clara e manifesta, o procedemento legalmente exixíbel».

Finalmente, en virtude do exposto, **SOLICITO** a depuración de responsabilidades por negligencia grave que atinxe á facenda pública local, a anulación de oficio do SC e a súa remisión ao Consello Consultivo da Galiza e ao Tribunal de Contas.

Chantada, 7 de outubro de 2017.

Asdo.: Antom Fente Parada

Voceiro de Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.